



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 17 DE XANEIRO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Proxecto de Lei de saúde de Galicia

DECRETOS

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E
TRANSPORTES**

- Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da funcionalidade na autoestrada do Val Miñor AG-57. Construción de novos ramais nos enlaces de Sabarís, A Ramallosa e Nigrán
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada autonómica antiga PO-261, a prol do Concello de Covelo

ACORDOS

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo de recoñecemento, autorización e cualificación da Colección Visitable Museo Anfaco da Industria Conserveira de Vigo



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A LEI DE SAÚDE DE GALICIA, QUE REFORZA O CARÁCTER PÚBLICO DA SANIDADE E CENTRA NA CIDADANÍA O NOVO MODELO SANITARIO

- *A plasmación e reforzo dos dereitos sanitarios dos galegos e galegas, a introdución de mecanismos de participación e a inclusión de novos principios reitores da Sanidade que potencian o seu carácter público son os eixos desta nova lexislación*
- *É a base dun “verdadeiro código sanitario” no cal se integrarán, entre outras as futuras Lei de saúde pública de Galicia, do empregado público da saúde, do sistema de información de saúde de Galicia, ou do Instituto Galego de Investigación Sanitaria*
- *A nova lei define a participación do sector privado sanitario como complementario e subsidiario do sistema galego de saúde*
- *A norma humaniza a asistencia, promove a eficiencia en todos os niveis asistenciais, garante a sustentabilidade do sistema, propugna a transparencia na xestión e promove a participación real e continua dos profesionais e de toda a sociedade galega*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o proxecto de Lei de saúde de Galicia, a lexislación da saúde que reforza o carácter público da sanidade, e centra todo o novo modelo sanitario na cidadanía. Esta normativa está fundamentada na necesidade de establecer un marco xeral e de referencia normativa sanitaria galega coa mirada posta na protección xeral da saúde dos galegos e das galegas, e cunha nidia orientación cidadá, dende a garantía real dos dereitos, ata o fomento dunha participación efectiva no sistema.

A estes alicerces engádese a necesidade de superar a fórmula organizativa e funcional da anterior Lei de ordenación sanitaria de Galicia; e a de acadar un maior consenso e acordo social arredor dos principios básicos da Lei de saúde; xunto co logro do equilibrio e igualdade territorial e social e a incorporación da calidade e do concepto de mellora continua.

A nova lexislación configura un marco legal estruturalista que conformará a base para o artellamento dun “verdadeiro código sanitario galego”, no cal se integrarán as futuras Lei de saúde pública de Galicia, do Servizo Galego de Saúde, do empregado público da saúde, do sistema de información de saúde de Galicia, do Instituto Galego de Investigación Sanitaria, de ordenación farmacéutica de Galicia, da Escola Galega de Administración Sanitaria, ou da Lei integral sobre medidas de prevención, rehabilitación e inserción das drogodependencias e outras condutas aditivas.

Polo tanto, o seu obxectivo -incorporando as directrices da política sanitaria de Galicia- é reforzar os dereitos da cidadanía e deixar claro o carácter público da



atención sanitaria, eliminando as desigualdades nos dereitos e garantías; potenciando a xestión eficiente para garantir a sustentabilidade do sistema; fomentando a participación e implicación real dos profesionais, pacientes e do conxunto da sociedade galega; e, tamén, continuar incorporando a transparencia á xestión.

Novidades

A primeira novidade no texto proposto pola Consellería de Sanidade, en relación coa anterior normativa aprobada en 2003, é a súa denominación. Para o Goberno galego incorporar o concepto de saúde por riba da ordenación dos servizos sanitarios implica e plasma un compromiso dos poderes públicos coa saúde dos galegos e galegas; e xa orienta a acción do Executivo cara a algúns dos piares do Estado do Benestar como son a saúde e a sanidade.

A regulación dos dereitos da cidadanía constitúe outro trazo da nova concepción de saúde. Reordénanse e clarifícanse, presentándose con maior relevancia, e convertea nunha lei de garantías. Contempla de xeito innovador os dereitos relacionados co acompañamento, o dereito á información epidemiolóxica e sanitaria, a non recibir información médica se así o manifesta expresamente, ao voluntariado, ou á intimidade do corpo. Engádense tamén dereitos relacionados coa documentación sanitaria e coas suxestións e reclamacións, coa participación, e con grupos especiais, que contarán con programas sanitarios específicos e preferentes.

Por outra banda, a Consellería de Sanidade introduce o concepto de calidade cos seus compoñentes e o de mellora continua como principios fundamentais do sistema de saúde galego. O texto aprobado inclúe a regulación do sistema de información de saúde de Galicia, a creación dun centro de servizos tecnolóxicos do sistema público de saúde de Galicia; e a regulación do voluntariado no marco do sistema sanitario galego; e establece a saúde mental e a atención ás drogodependencias dentro da asistencia sanitaria como calquera outro aspecto de saúde ao non ser consideradas como prestacións sanitarias independentes.

Continuando coas achegas, é especialmente nova a regulación e ordenación das e dos empregados públicos da saúde, que responde á necesidade, reiteradamente constatada, de romper co concepto do persoal do Servizo Galego de Saúde para implantar a definición da e do empregado do sistema público. Outra das singularidades da presente lei é a inclusión dunha sección no que se fai especial fincapé na determinación do obxectivo da diminución dos desequilibrios e desigualdades territoriais e sociais en saúde. Na sección de ordenación territorial, a normativa aposta claramente polas áreas de saúde como ámbito territorial cara á prestación de servizos asistenciais, facendo desaparecer os distritos sanitarios para permitir unha xestión eficaz e eficiente das devanditas áreas.



O proxecto de Lei de saúde de Galicia incorpora os principios xerais inspiradores das políticas públicas en materia de docencia e investigación; prevé a creación do Instituto Galego de Investigación Sanitaria que unifique e dirixa programas de investigación do sistema de saúde galego; e contempla o establecemento de mecanismos de coordinación entre hospitais e universidade, e entre programas de investigación no ámbito sanitario e as universidades, así como co Plan galego de investigación e desenvolvemento en materia sanitaria co Plan galego de I + D + i.

Estrutura que dá prioridade á cidadanía

O proxecto de Lei de saúde de Galicia está estruturado en 10 títulos e 137 artigos que xa definen os aspectos máis relevantes. O título preliminar define o obxecto e alcance da lei e engade unha definición dos principais termos e conceptos que se empregan. O título I regula os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía. O sistema público da saúde de Galicia regúlase no título II; e o título III aclara as diferentes competencias dentro dese Sistema.

O título IV establece o sistema de relación do sistema de saúde con outros países, organizacións internacionais, e coa Unión Europea. No título V, regúlase a participación do sector privado de atención sanitaria co sistema público de saúde de Galicia. O Servizo Galego de Saúde como principal provedor e integrador de servizos sanitarios de carácter asistencial regúlase no título VI. Baixo a epígrafe de *A Organización da Saúde Pública no Sistema*, o título VII dispón a necesidade de crear unha estrutura organizativa especializada que terá como obxectivo a provisión de servizos e prestacións de saúde pública.

O título VIII está dedicado á ordenación das empregadas e dos empregados do sistema público de saúde. Ao longo dos nove capítulos defínese e regúlase o persoal que integra este colectivo, o seu réxime xurídico, a planificación e ordenación de recursos humanos, a selección e provisión e a promoción e carreira, entre outros aspectos. O título IX regula a docencia e a investigación; e, por último, o título X define o marco institucional de coordinación da atención sociosanitaria en Galicia.

Novos valores e novos conceptos

O devandito anteprojecto incorpora novos principios e valores ao sistema sanitario galego como son a participación social e comunitaria na formulación de políticas sanitarias e a avaliación dos servizos sanitarios, a integración funcional de todos os recursos sanitarios públicos, apostando por fórmulas colaborativas en lugar de competitivas; a participación e implicación dos profesionais; o aseguramento único e financiamento público; e a descentralización, desconcentración e autonomía na xestión dos servizos.



O anteproxecto de Lei de saúde de Galicia introduce o concepto de *sistema de saúde de Galicia* definido como o conxunto de recursos, actividades, servizos e prestacións, públicos e privados, que teñen por finalidade a promoción e a protección da saúde, a prevención da enfermidade, a asistencia sanitaria e a rehabilitación, e todo isto baixo unha perspectiva integral e funcionalmente articulada.

O *sistema público de saúde de Galicia* é o conxunto de recursos, medios organizativos, actividades, servizos e prestacións públicos de carácter autonómico que, organizados coordinadamente e de acordo coas políticas establecidas, perseguen mellorar a saúde da poboación que serven, respondendo ás súas expectativas lexítimas e protexéndoa contra a enfermidade.

A Consellería de Sanidade define neste texto legislativo a participación do sector privado sanitario como complementario e subsidiario do sistema, e establécense os diferentes sistemas de relación que se poderán establecer co sector privado. Contempla, igualmente, a conveniencia de definir os criterios sanitarios de produción e os sistemas de verificación do cumprimento destes criterios.

Tamén regula as relacións do sistema sanitario galego coa Unión Europea, Administración xeral do Estado, outras comunidades autónomas e comunidades galegas no exterior; e introduce a regulación de aspectos relativos ao Servizo Galego de Saúde como principios xerais e organización, así como a integración das fundacións, entre outros aspectos.

Vicevaledor ou vicevaledora do paciente e participación

O desenvolvemento dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía leva implícita e explícita a súa participación no sistema. Esa participación é social e institucional a través do Consello Galego da Saúde, consellos de saúde de área, comisións de participación cidadá, e a través da implicación institucional das organizacións sindicais e empresariais.

Configúranse novas fórmulas de participación vinculadas ao deseño e posta en funcionamento de “proxectos asistenciais e/ou de garantía de dereitos”; e tamén de cooperación e concertación público. Explicítase o novo papel do Consello Asesor do sistema sanitario galego como parte integrante do sistema e non como estrutura de participación; e contéplase a creación do foro de participación institucional derivado dos acordos da mesa de diálogo social e do proxecto de Lei de participación institucional.



Por outra banda, e como unha fórmula clave na participación da cidadanía no sistema, xa na exposición de motivos, faise referencia ao nomeamento da ou do vicevaledor do paciente, que será realizado polo Parlamento galego, e que se integrará plenamente na Oficina do Valedor, imprimíndolle, deste xeito, a independencia necesaria para cumprir as súas funcións e potencia esta figura institucional.

Texto legislativo de consulta e consenso

Este texto legislativo seguiu, na súa tramitación administrativa e audiencia pública, todos os trámites previstos, aos cales se engadiu o seu tratamento no Consello Galego de Saúde, no Consello Asesor do sistema sanitario de Galicia, na mesa sectorial de negociación do persoal que presta servizos nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e na Mesa do Diálogo Social.

O anteproxecto foi polo tanto presentado aos axentes sociais en ámbitos de traballo diferenciados e obtendo o seu apoio en todos eles. Foi remitida para a súa consideración e achega de suxestións a universidades e facultades, sociedades científicas, colexios oficiais, FEGAMP, asociacións empresariais e de profesionais, partidos políticos e sindicatos, entre outros.

Por outra banda, o texto someteuse ao trámite de exposición pública a través do enderezo electrónico do sistema de saúde galego durante un período de dous meses e medio; e conta con todos os informes e ditames preceptivos da asesoría xurídica, función pública, orzamentos, intervención xeral, servizo galego de promoción da igualdade entre o home e a muller e Consello Económico e Social. Do mesmo xeito, foi ditaminado pola Comisión de Secretarías Xerais da Xunta de Galicia, antes da súa aprobación esta mañá no Consello da Xunta de Galicia.



POLÍTICA TERRITORIAL INICIA O PROCEDEMENTO EXPROPIADOR PARA A REFORMA DA AUTOESTRADA DO VAL MIÑOR QUE PERMITIRÁ A COMUNICACIÓN INTERNA DA COMARCA

- *A CPTOPT xa aprobou o proxecto construtivo que cifra en 24,7 millóns de euros os 7,5 quilómetros de novos ramais que completarán os actuais enlaces parciais para conectar entre si Nigrán, Gondomar e Baiona*
- *A obra será financiada pola CPTOPT e a propia concesionaria, liberando así aos tres concellos do compromiso que asinaron co anterior goberno autonómico polo que se obrigaban a participar no financiamento das obras*
- *A reforma da autoestrada habilitará unha circunvalación gratuíta de Baiona, o que permitirá evitar as retencións que se producen en determinadas datas do ano na súa travesía, e desconxestionará a rotonda da Ramallosa*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola reforma da autoestrada do Val Miñor (AG-57) nos enlaces de Sabarís, A Ramallosa e Nigrán. Con este decreto iníciase o procedemento expropiador para completar os actuais enlaces parciais de xeito que poidan ser utilizados tamén para traxectos interiores entre os concellos de Nigrán, Gondomar e Baiona e non só para a súa comunicación con Vigo como ocorría ata agora.

O inicio das expropiacións acordado polo Consello prodúcese despois de que a Consellería de Política Territorial aprobase a pasada semana o proxecto construtivo da obra. Ese proxecto fixa o custo de reforma da autoestrada en 24,7 millóns de euros, dos cales 778.000 euros irán destinados ao pagamento das expropiacións das 150 leiras afectadas. O financiamento desta actuación será asumido pola CPTOPT e a propia concesionaria e o obxectivo é que a obra poida estar rematada ao longo de 2009, cun prazo de 9 meses para a reforma do enlace de Sabarís e de 15 meses para os enlaces de Nigrán, A Ramallosa e Porto do Molle.

A actuación que Política Territorial acometerá na autoestrada do Val Miñor permitirá reformar os actuais enlaces parciais existentes en Nigrán, A Ramallosa e Sabarís, que serán transformados en enlaces completos. Para isto construíranse un total de 7,5 quilómetros de novos ramais repartidos entre os catro enlaces: 2,76 quilómetros no de Nigrán; 2,28 en Sabarís; 1,23 na Ramallosa e 1,22 no Porto do Molle. Estes novos ramais facilitarán a circulación dentro do propio Val Miñor, de xeito que se poderá empregar a autoestrada para circular entre os tres concellos e circunvalar gratuitamente Baiona. Ata o de agora, estes enlaces unicamente permitían circular dende Vigo cara aos tres concellos do Val Miñor ou dende estes cara a cidade. Ademais, esta medida permitirá desconxestionar as estradas convencionais e habilitar unha circunvalación de toda a comarca que evite as retencións que se producen en



determinadas datas do ano especialmente na rotonda da Ramallosa, en Nigrán (na cal converxen as estradas Vigo-Baiona-A Guarda (PO-552), Vigo-A Ramallosa pola costa (PO-325) e Tui-Gondomar-A Ramallosa (PO-340).

Xunto coa reforma destes tres enlaces parciais xa existentes para transformalos en enlaces completos, tamén se construírá un novo enlace completo no ramal de praia América, que dará acceso ao polígono industrial de Porto do Molle, que promove a Zona Franca de Vigo. Este enlace facilitará, a través dunha rotonda, un acceso con características de alta capacidade ao novo polígono industrial. Ademais, o treito entre praia América e o novo enlace do polígono será libre de peaxe, co que se facilitará a mobilidade e quedará mellor articulada esta zona de Nigrán.

Os tres concellos quedan liberados do seu compromiso de achegar financiamento

A execución destes catro enlaces completos é posible logo de que a Consellería de Política Territorial chegase a un acordo coa concesionaria da vía, Autoestradas de Galicia. Segundo este acordo, plasmado nun convenio, a CPTOPT asumirá o custo da reforma e construción dos dous enlaces que non están ligados a peaxes: Sabarís e o novo nó completo de Porto do Molle. O primeiro permitirá circular cara a Baredo como circunvalación gratuíta de Baiona e o segundo, a medias coa Zona Franca de Vigo, permitirá circular tanto cara ao tronco principal da autoestrada como cara a praia América.

Pola súa banda, a concesionaria será a encargada de acometer materialmente as obras e asume o custo da reforma dos outros dous enlaces que están ligados a peaxes: A Ramallosa e Nigrán. O primeiro permitirá realizar percorridos Gondomar-Baiona e viceversa mentres que o segundo, que requirirá dunha obra de grande complexidade técnica pola localización do actual enlace parcial, facilitará todos os percorridos posibles entre praia América e Baiona. Estas dúas actuacións contribuirán a desconxestionar a rotonda da Ramallosa.

Este compromiso de financiamento que asume Política Territorial supón que os concellos de Nigrán, Gondomar e Baiona non terán que realizar achegas económicas para acometer as obras de reforma dos enlaces. Así, os tres concellos quedan liberados do compromiso a que chegaran co anterior goberno autonómico e co cal asinaron un protocolo en que se comprometían a participar no financiamento destas actuacións.

O actual acordo contempla que a concesionaria asuma a construción inicial dos enlaces e, no caso de que os ingresos por peaxe nestes enlaces sexan insuficientes para garantir o equilibrio económico-financieiro da concesión, a CPTOPT compensaría a concesionaria. Será tamén a concesionaria a que se encargue do mantemento futuro deses novos enlaces. En calquera caso, non influirá na peaxe o custo de



construción dos novos enlaces xa que as tarifas polos novos percorridos que se poderán realizar no interior do Val Miñor se fixarán de xeito proporcional á súa lonxitude, como no resto da autoestrada. Ademais, este convenio permitirá acelerar a tramitación administrativa da contratación das obras, como xa sucedeu co proxecto que redactou a concesionaria e que a CPTOPT vén de aprobar.

Circunvalación gratuíta de Baiona e telepeaxe

Unha das principais melloras que suporá esta reforma da Autoestrada do Val Miñor será a de proporcionar unha circunvalación gratuíta a Baiona. A posibilidade de acceder á autoestrada en Sabarís e saír dela en Baredo e viceversa, sen ter que pasar por ningunha peaxe, contribuirá a reducir o tráfico da travesía da PO-552 ao seu paso pola vila e eliminar as retencións que se producen en determinadas datas.

Ademais, a Consellería de Política Territorial acadou o compromiso de Autoestradas de Galicia de que financiará e implantará a peaxe dinámica (é dicir, telepeaxe) na súas autoestradas AG-57 (Val Miñor) e AG-55 (A Coruña-Carballo), cun sistema compatible co resto das autoestradas españolas.



POLÍTICA TERRITORIAL TRANSFIRE AO CONCELLO DE COVELO A TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA MONDARIZ-MACEIRA

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto sobre o cambio de titularidade dun treito da antiga estrada Mondariz-Maceira (PO-261) ao seu paso polo núcleo urbano de Covelo. Deste xeito, o treito entre os puntos quilométricos 12+140 e 12+490, que pertence á Comunidade Autónoma será transferido ao Concello de Covelo.

O Concello de Covelo solicitou o cambio de titularidade do citado treito posto que, tras unha modificación de trazado, quedou relegado a unha función de vía urbana utilizada unicamente como acceso ás vivendas colindantes do lugar.

A normativa establece que poderán ser obxecto de cambios de titularidade a favor dos concellos aquelas estradas ou treitos de estradas que teñan características de urbanas ou que pertencen a treitos antigos de estradas en que se fixeron variantes de trazado, como é o caso de Covelo.

A transferencia conta co informe favorable da Dirección Xeral de Estradas e co acordo do Concello de Covelo que, a partir da súa formalización, asumirá a xestión, mantemento, conservación e explotación do devandito treito.

A entrega formal realizarase mediante a sinatura da correspondente acta, nos dous meses seguintes á publicación no DOG do decreto aprobado hoxe.



CULTURA RECOÑECE O MUSEO ANFACO DA INDUSTRIA CONSERVEIRA COMO COLECCIÓN VISITABLE

- *Integrarase na Rede Galega de Museos logo da súa aprobación polo Consello da Xunta*

O Consello da Xunta recoñeceu esta mañá ao Museo Anfaco da Industria Conserveira como colección visitable de contido científico-técnico e ámbito local, integrándose así na Rede Galega de Museos.

O museo, que está situado en Vigo, é xestionado por Anfaco (Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados e Mariscos). Á hora de outorgarlle o recoñecemento como colección visitable, a Dirección Xeral do Patrimonio valorou positivamente o seu conxunto expositivo formado por elementos patrimoniais de moita interese sobre a evolución dun dos sectores máis importantes na historia social e económica de Galicia. Ademais subliñouse que a exposición conta cun claro carácter divulgador e didáctico.

Tamén se valoraron as características das instalacións en que se sitúa o museo e os seus horarios abertos a visitas escolares e de asociacións, con apertura de 8 a 14 horas e de 16 a 18 horas de luns a venres de setembro a maio, mentres que nos meses de xullo, xuño e agosto o horario é de 8 a 15 horas. Outro aspecto salientable é o ambicioso programa de difusión e proxección socio cultural que presenta.